

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER  
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dez de novembro do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, apróbase por unanimidade:

“No punto 2.1 , relativo á concesión da licenza a don Manuel Cabaleiro Tosar, onde di “a distancia mínima será de 3,00 mts de distancia dende o eixe do vial”, debe dicir “axustarase á aliñación marcada no vixente PXOM”

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.975/09 de don Javier López Martínez**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, cunha superficie aproximada en



planta de 50 m<sup>2</sup>, colocando tella, situado en Pousada de Abaixo, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e un euros con once céntimos (#31,11#)

#### 2.2. - Instancia num. 1.699/09 de don Francisco Javier García Rendo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de O Forno da Ulla, S.L, con domicilio social en Ponte Ulla, solicita licenza para a realización de melloras sanitarias en panadería afectando ó interior das instalacións e reparación da tella da cuberta

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda denegar a licenza solicitada, dado que as obras afectarían á actividade de panadería e non conta con licenza municipal.

#### 2.3.- Instancia num. 1.950/09 de don Miguel Mera Puente

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que con data 26/08/2008 a Xunta de Goberno concedeu-lle licenza para a construción dun cerramento no lugar de Afós (expediente 101/08) e dado que as obras non se executaron nin se van a executar, solicita a anulación da licenza concedida e a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras


A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

#### 2.4.-Caducidade de licenza outorgada a dona Mercedes Picanes Alvela

Téndose solicitado por dona Mercedes Picanes Alvela con domicilio no número 1 do lugar de Silva de Abaixo da parroquia de San Miguel de Sarandón, deste termo, licenza para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Sarandón (San Miguel de Sarandón) e concedida esta, con data 2 de xuño de 2005, pola Xunta de Goberno Local que tamén aprobou a liquidación do imposto municipal correspondente que ascendía á cantidade de dous mil novecentos setenta euros con cincuenta e dous céntimos (#2,970,52#). Licenza 126/05.

Tendo en conta que ó día da data, e segundo consta no expediente, non se executaron as obras nin se procedeu ó ingreso da cantidade resultante da liquidación do imposto municipal

A Xunta de Goberno, en función do disposto no artigo 197.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Ga-



licia, acorda declarar a caducidade da licenza número 126/05, ó non terse executado as obras, e polo tanto anular o acordo de concesión da mesma así coma a cantidade resultante da liquidación do imposto correspondente e que figura no expediente tramitado

## 2.5.- Instancia num. 1.552/09 de dona Cristina Rizo Liñares

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Trasariz de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto don Orlando Ledo Araujo, cun orzamento de 39.300,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 de mesma lei, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais, e axustarse ás condicións da autorización para exceptuar o cumprimento das Normas do Hábitat Galego, segundo o plano de carpintería modificado presentado no concello.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setecentos oitenta e seis euros (#786,00#)

## 3º.- Certificacións de obras

### 3.1.- Certificación num. 2 da obra de *Rehabilitación de la Casa del ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra de *Rehabilitación da estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2009, e da factura num. OCV.0013 de Promotora Matimán, S.L, por importe de trinta e catro mil novecentos corenta e oito euros con vinte céntimos (#34.948, .20#), sendo o director da obra o arquitecto don Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

### 3.2.- Certificación num. 2 da obra de *Centro de interpretación en Vedra*



Dáse conta da certificación num. 2 da obra de *Centro de interpretación en Vedra*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local, e máis da factura num. OCV.0012 de Promotora Matimán, S.L, por importe de trinta e cinco mil setecentos noventa euros con corenta e dous céntimos (#35.790,42#), sendo o director da obra o arquitecto don Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

#### **4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación provisional da obra de *Reforma e ampliación do Centro da terceira idade de Vedra***

Dáse conta das propostas presentadas polas empresas Promotora Matimán, S.L, Javier Loureiro, S.L e Payno, S.L para optar á adxudicación, por procedemento negociado, da obra de *reforma e ampliación do centro da terceira idade de Vedra*, cun orzamento base de licitación de cento setenta e nove mil novecentos noventa e nove euros (#179.999,00#), financiada integramente pola Deputación provincial, en base ó convenio asinado, e de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a citada licitación, aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 6 de outubro do ano que andamos e publicadas no Perfil do Contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com))

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- En función e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Reforma e ampliación do centro da terceira idade de Vedra* á proposta num. 1 de Promotora Matimán, S.L ó ser a empresa que obtivo á maior puntuación no proceso de valoración das ofertas (5,5 puntos) no prezo de cento cincuenta e cinco mil cento setenta e un euros con cincuenta e cinco céntimos (#155.171,55#) máis vinte e catro mil oitocentos vinte e sete euros con corenta e cinco céntimos (#24.827,45#) de IVE, que representa unha baixa de cero (#0,00#) euros sobre do tipo.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Promotora Matimán, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva (5% do importe da adxudicación, excluído o IVE)

Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante.

Quinto.- Designar como técnico - director da obra a don Fernando Faya Martínez.

#### **5º.- Factura varias**

Dáse conta das seguintes facturas:



Quilometraxe e gastos de autoestrada do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, por xestións en Deputación durante o mes de novembro. Importe 91,10 euros

Quilometraxe e indemnizacións a dona Sonia Gamás Villanueva por asistencia en Santiago a curso sobre perfeccionamento do persoal administrativo das entidades locais. Importe 152,78 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios, don José I. Munín, do mes de outubro. Importe 120,45 euros

Quilometraxe do traballador don Gerardo Cerdeira Souto do mes de outubro e asistencia a curso de bases de datos en Santiago. Importe 138,85 euros

Quilometraxe do operario de servizos don David Rivas de la Iglesia do mes de novembro. Importe 18,90 euros

Quilometraxe e axudas de custo da traballadora social dona Ana Aldrey Peireira por asistencia a xornadas do Plan Concertado. Importe 85,77 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio Sanz do mes de novembro. Importe 66,33 euros

Fondo social (oftamoloxía) da técnica de emprego dona M<sup>a</sup>. Cruz Vilas , segundo bases de orzamento municipal vixente (75%). Importe 146,25 euros

Horas extraordinarias por atención na piscina municipal durante o verán de:

D<sup>a</sup>. Olga Iglesias Peiteado..... 1.336,00 euros

D<sup>a</sup>. Graciela Gestoso Vázquez..... 1.245,60 euros

D<sup>a</sup>. Miriam Fernández Neira..... 1.127,20 euros

Indemnizacións por asistencias á Mesa de Contratación da obra de Reforma e ampliación do Centro da terceira idade dos seguintes Sres/sras:

D<sup>a</sup>. Ana Belén Picón Cotos (Vogal) ..... 56,42 euros

D. Carlos Martínez Carrillo (vogal)..... 56,42 euros

D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo (vogal)... 56,42 euros

D. Carlos Sanmartín Carrera (vogal)..... 56,42 euros

D<sup>a</sup>. Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria)... 74,80 euros

Xornadas de traballo da concelleira dona Ana B. Picón Cotos dos meses de setembro e outubro. Importe 437,50 euros

Quilometraxe da concelleira dona Ana B. Picón Cotos dos meses de setembro e outubro. Importe 54,55 euros

Factura num. 22/2009 de José Fermín González Blanco por honorarios do mes de outubro. Importe 2.436,00 euros



Factura de dona Guadalupe J. García Cabal do mes de outubro. Importe 700,00 euros

Factura num. 43/09 de don Juan Alfonso Curiel Ares por concerto didáctico de son+ d2 en Vedra o 09/11/09 dentro dos circuitos da Deputación. Importe 1.050,00 euros

Facturas nums. 0800379, 0800380 e 0800378 do procurador don José A. Castro Bugallo por dereitos e suplidos de contenciosos-administrativos interpostos por particulares contra a Xunta pola aprobación definitiva do PXOM. Importe 814,32 euros

Factura de Restaurante La Cañada por comidas con motivo da viaxe a Valladolid á inauguración de Intur Terras da Ulla e do Tambre. Importe 38,00 euros

Factura da La Bodeguilla de San Lázaro por comida con motivo da xornada de preparación de actuacións en proxectos a financiar polas distintas administracións en especial con fondos comunitarios. Importe 69,40 euros

Factura num. 111099-1 de Aula 25 por material para a ludoteca, con cargo á subvención concedida polo MAP. Importe 2.549,22 euros

Facturas nums. 09/2527 e 09/2528 de Tambram Materiales y Juegos Didácticos, S.L por materiais para a ludoteca con cargo á subvención concedida polo MAP. Importe 5.043,25 euros

Factura num. 17-2009 e Andamiaxe Innova, S.L por coordinación e xestión do Banco de Tempo. Importe 12.690,00 euros

Factura num. A/9098 de Ffermevi S.I.G S.L por portatil, cámara de fotos e outros para o Banco de Tempo. Importe 1.112,70 euros

Factura num. 20090161 de Manuel Botana Granja por materiais para o Banco de Tempo. Importe 465,01 euros

Factura num. A9/2009 de Sutega Mobiliario, S.L por materiais para o Banco de Tempo. Importe 946,49 euros

Factura num. 6776 de Darlim Maquinaria Limpieza, S.L por arranxo de máquina fregadora. Importe 75,28 euros

Factura num. 902.956 de Cotelga por dispensadores de papel para a aula multimedia. Importe 241,28 euros

Factura num. 6/2009 da Banda Municipal de Outes por actuación o 20/09/2009 segundo convenio da Deputación. Importe 1.050,00 euros

Factura num. 1.650/09 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 447,26 euros



Factura num. S103229 de Ricoh España S.L.U por mantemento fotocopiadoras das bibliotecas e casa do concello. Importe 279,00 euros

Factura num. 15885/0001 de Segalia Ingenieria, S.L por redacción do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, adxudicado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 11/08/2009. Importe 9.280,00 euros

Factura num. 4000419661 de Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A do mes de outubro. Importe 531,44 euros

Listado de facturas de Unión Fenosa correspondentes ós alumeados públicos no mes de setembro. Importe 9.538,96 euros

Recibo de Axa Seguros Generales por póliza de seguro do tractor municipal. Importe 160,21 euros

Recibo de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros por seguro das escolas unitarias, CEIP de Ortigueira e Centro de Saúde. Importe 815,28 euros

Recibo de Editorial Compostela, S.A por suscripción ó xornal no mes de outubro. Importe 38,00 euros

Factura num. 0091679611 de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora de urbanismo no mes de outubro. Importe 548,85 euros

Recibo de Canalsatélite Digital, S.L por abono a canal+ fútbol na Casa da terceira idade de Vedra no mes de novembro. Importe 49,95 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.L por suscripción ó xornal no mes de outubro. Importe 30,00 euros

Pago de multa de tráfico ó vehículo municipal. Importe 63,00 euros

Recibos de Día por acopio de alimentos para a servizo de madrugadores. Importe 40,47 euros

Factura de Restaurante Vía da Prata por comidas dos membros do tribunal da selección de persoal. Importe 62,50 euros

Recarga de móbil do servizo de axuda no fogar. Importe 10,00 euros

Factura de Alcampo por materiais para o programa cociña comigo. Importe 31,23 euros

Factura de Centro Comercial Compostela por flexo biblioteca. Importe 30,00 euros

Recibos por materiais para a ludoteca. Importe 121,58 euros



Taxas de publicación de anuncio de urbanismo no DOG. Importe 130,08 euros

Factura num. 09/15 de José M<sup>a</sup>. Freiría do mes de outubro. Importe 3.318,60 euros

Facturas de gastos diversos para o concurso de fotografía da emigración. Importe 263,55 euros

Factura de Hipercor, S.A por materiais para os traballos do centenario das sociedades de Vedra na emigración. Importe 11,40 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco José Souto Rial por impartición de clases de baile rexional no local de San Xián de Sales no mes de outubro. Importe 150,64 euros

Factura num. P 909.172 de Editorial Compostela, S.A por concerto de publicidade. Importe 517,65 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente ó punto limpo en outubro. Importe 99,34 euros

Taxas de publicación de anuncio de urbanismo no DOG. Importe 119,24 euros

Factura num. VD 10/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de outubro. Importe 5.113,34 euros

Gatos da excursión a Covodonga, con achegas dos participantes. Importe 2.073,47 euros

Factura num. 93007310 de Foga por copias dos meses de setembro e outubro. Importe 1.416,04 euros

Factura num. 0031217914 de RepsolGaspor subministro para o albergue de peregrinos. Importe 687,47 euros


Factura num. 2009265 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público en outubro. Importe 2.262,06 euros

Factura num. 01891062 de Adif por alugamento dos locais da estación de ferrocarril de Santa Cruz. Importe 377,61 euros

Factura num. A00013212 de MRW do mes de outubro. Importe 56,98 euros

Axudas de custo e quilometraxe de Marco González Trizo por impartir clases de tango no mes de outubro. Importe 110,48 euros

Factura num. IR-2009-004588520 de Tele2 Comunitel do mes de outubro. Importe 660,93 euros





Listado de Unión Fenosa por subministro a edificios e locais municipais no mes de setembro. Importe 2.418,69 euros

Facturas de Unión Fenosa do mes de novembro. Importe 1.217,48 euros

Factura num. 187 de Viajes Peillet, S.L por servizo autobús cos participantes na educación de adultos. Importe 535,00 euros

Factura num. 191 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Covadonga, con cargo ás achegas dos participantes. Importe 909,50 euros

Factura num. 190 de Viajes Peillet, S.L por viaxe cos nenos das unitarias ó Auditorio. Importe 128,40 euros

Factura num. 189 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Ourense, con achegas dos participantes. Importe 321,00 euros

Factura num. 188 de Viajes Peillet, S.L por viaxe á piscina de Bertamiráns cos nenos de Vedra. Importe 632,00 euros

Factura num. 185 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos nenos da ludoteca no mes de outubro. Importe 401,25 euros

Factura num. 186 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Coruña (Banda de Música). Importe 299,60 euros

Factura num. 40 de Rotulaciones Pereira por rotulación de placas de metacrilato para inauguración dos locais de Trobe e San Pedro de Sarandón. Importe 185,60 euros

Factura num. A9/1967 de Sutega Mobiliario, S.L por mobiliario para as oficinas municipais. Importe 1.040,42 euros

Factura num. 09-1228 de Askim Proycetos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde para a obra de ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla do PCC 2008-2011, anualidade 2009. Importe 1.116,42 euros

Factura num.9-00801 de Maquicar -Maquinaria, S.L por alugamento de pala con barredoira. Importe 185,60 euros

Factura num. 2009/0053 de Soluciones integrales para el medio ambiente, S.L por colectores de RSU. Importe 2.030,00 euros

Factura num. 570 de Hierros Diego, S.L por materiais diversos para a brigada de obras. Importe 246,57 euros

Factura num. 291.104 de Artes Gráficas Litonor por carteis para Vedra en ciencia. Importe 243,60 euros



Facturas nums. 290.997 e 291.103 de Artes Gráficas Litonor por boletín municipal dos meses de outubro e novembro. Importe 1.741,16 euros

Factura num. 291.056 de Artes Gráficas Litonor por carteis, rifas e outros para a Ruta Cabalar do Rio Pereiro. Importe 441,96 euros

Factura num. 290.990 de Artes Gráficas Litonor por carteis e outros para o Espazo Activa da Ulla. Importe 663,98 euros

Factura num. A-361 de José Carlos Barreiro García- Servides por desratización e desinfectación anual na escola infantil municipal. Importe 493,00 euros

Factura num. A-316 de José Carlos Barreiro García- Servides por desinfectación no CPI de Vedra. Importe 324,80 euros

Factura num. 9003307 de Ofitiendas por arranxos no plotter. Importe 54,32 euros

Factura num. 77 de Pizarras Payno S.L.U por canalóns de aluminio. Importe 1.250,94 euros

Factura num. 09-01053 de Sapa conten. y serv. S.L por alugamento de colectores e viaxes para retira de escombros do punto limpo. Importe 570,90 euros

Factura num. 827 de Socyser por prestación do servizo de axuda no fogar. Importe 2.776,99 euros

Factura num. E/122 de O Forno da Ulla, S.L por auga para o CEIP de Ortiueira. Importe 31,92 euros

Factura num. 903.152-0 de Portomédica por materiais para o servizo de fisioterapia. Importe 92,25 euros

Factura num. 515 de Droguería -Ferretería El Sol por materiais para o CPI de Vedra. Importe 417,62 euros


Factura num. 516 de Droguería -Ferretería El Sol por material hixiénico para o pavillón municipal. Importe 86,77 euros

Factura num. J/64 de Castromil, S.A por bonobús do mes de outubro. Importe 46,40 euros

Factura num. 466/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade do mes de outubro. Importe 66,44 euros

Factura num. 467/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús do mes de outubro. Importe 252,63 euros

Fatura num. 8.101 de Ranking La Tienda del deporte, S.L por tatami para a escola de San Fins. Importe 255,73 euros



Factura num. 2009/3362 de Sogama por tratamento dos residuos sólidos de Vedra no mes de outubro. Importe 8.006,90 euros

Factura num. 7170021760 de Ofiservice por material de oficina. Importe 402,28 euros

Factura num. 1903625 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por enchufe rápido para o tractor. Importe 11,60 euros

Factura num. S0126443 de Comercial Quimisol, S.L.U por material diverso. Importe 388,02 euros

Factura num. 370/09 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por materiais diversos. Importe 455,00 euros

Facturas nums. K09/4377, . K09/4378, . K09/4379, . K09/4380, . K09/4381, K09/4403, K09/4404, K09/4405, K09/4406, K09/4407, K09/4408, K09/4409, K09/4410, K09/4411, K09/4444, K09/4445 e, K09/4406 de Comercial Extintores de Galicia, S.L, por recarga de extintores dos distintos locais municipais. Importe 1.005,72 euros

Factura nums. 110 e 102 de Aluminios Vedra por cambiar pechadura no Museo Modesto Paz Camps. Importe 41,53 euros

Factura num. 20090160 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 383,77 euros

Factura num. A 09/1128 de Limpiezas Salgado por producto de limpeza. Importe 63,20 euros

Factura num. 957/2009 de L.Secope, S.A por retirada de voluminosos. Importe 528,58 euros

Facturas nums. 5609200968007552 e 5609200968007741 de Probisa por mezcla bituminosa para bachear. Importe 1.824,91 euros

Factura num. 910/21 de FPV por vestuario para o servizo de limpeza. Importe 395,60 euros

Factura num. 910/21 de FPV por vestuario para a brigada verde. Importe 10,00 euros

Factura num. 910/20 de FPV por vestuario para a brigada de albañilería. Importe 179,20 euros

Factura num. 910/26 de Alquimao, S.L por materiais para a brigada de obras. Importe 158,11 euros



Factura num. FAC 1093 de Neumáticos Fuentes Barreiro, S.L por cubertas. Importe 91,44 euros

Factura num. 29 6378 de Ulla Oil, S.L por gasóleo bonificado para os tractores municipais no mes de outubro. Importe 835,78 euros

Factura num. 29 6201 e 29 6202 2 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a Casa do Concello e Centro médico no mes de outubro. Importe 2.616,90 euros

Facturas nums. 010001428, 010001429, 010001430 e 010001431 e 010001432 e 010001433 de Puente Ulla, S.L por carburantes para os vehículos municipais no mes de outubro. Importe 1.449,02 euros

Facturas nums. 9/000362, 9/000361, 9/000360 e 9/000359 de Mapoca, S.L por materiais para obras diversas. Importe 463,62 euros

Facturas nums. 569/E09, 0572/E09 e 0571/E09 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na desbrozadora e outra maquinaria municipal en outubro. Importe 6.064,60 euros

Factura num. A09/598 de GST por replanteo e instalación de material a GAP de Galegos. Importe 2.560,29 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

## **6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de setembro do ano que andamos, pola que en función do acordado nas mesas negociadoras da Mesa Xeral de Negociación , acórdase aplicar ás nóminas a partir do mes de setembro dos acordos acadados nas citadas mesas.

A Xunta de Goberno dáse por enterada


6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de setembro do ano que andamos, pola que se acorda transferir crédito das partidas 322-131 á 511-311 por importe de 13.000,00 euros e da 322-131 á 451-131 por importe de 20.000,00 euros, para atender gastos de persoal.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de novembro do ano que andamos, pola que se ordena a continuidade de don Iván García García como animador soio-cultural para o período de 2009-2010

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de novembro do ano que andamos, pola que se acorda conceder a incorporación inmediata no servizo de axuda no fogar a dona M<sup>a</sup>: Carmen Pereira Lareo, cunha intensidade de 35



horas/mes, quedando exenta de pagamento a usuaria de acordo coa ordenanza fiscal reguladora do servizo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de novembro do ano que andamos, pola que se lle autoriza ó Club Olímpico de Vedra o corte de tráfico en vías municipais o día 22 de novembro para a celebración da 5ª Carreira Pedestre Popular de Vedra.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## 7º.- Outros asuntos

### 7.1.- Solicitud de subvención ó INEGA

Dáse conta da Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética en Galicia correspondentes ó exercicio 2009 e ó abeiro de convenios subscritos entre o IDAE e o INEGA o día 3 de xullo (DOG num. 213/09, do 30 de outubro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda :

1º.- Solicitar unha axuda para o proxecto *Mellora da eficiencia enerxética do A.P. Sol (Ribadulla)* cun orzamento de trinta e dous mil oitenta e seis euros con cincuenta e seis céntimos (#32.086,56#), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial don Álvaro Piñeiro Fernández

2º.- Comprometerse a realizar a actividade para a que se pide a subvención, no caso de obtela.

### 7.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 1.983/09 de dona Esther Carril Peillet, con domicilio en Vedra, na que expón que padece unha minusvalidez que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

### 7.3.- Acordo, se procede, sobre concesión e axuda a Asociación Amigos da Camelia

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda á Asociación Amigos da Camelia para sufragar gastos non subvencionados no Certame do ano 2009, por importe de dous mil cen (#2.100,00#) euros

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

